



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia: Historia dos países do primeiro idioma estranxeiro: Inglés

Materia	Historia: Historia dos países do primeiro idioma estranxeiro: Inglés			
Código	V01G180V01101			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Seijas Montero, Maria			
Profesorado	Seijas Montero, Maria			
Correo-e	mariaseijas@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	<p>Esta materia impártese no primeiro ano do Grao en Linguas Estranxeiras, dentro do bloque de Formación básica. Con ela preténdese que o alumnado coñeza e se familiarice cos acontecementos fundamentais da historia, cultura e civilización dos países de fala inglesa, prestándolle unha especial atención ao Reino Unido e aos Estados Unidos de América.</p> <p>Os coñecementos adquiridos nela son unha base fundamental e, en certos aspectos, un complemento imprescindible para abordar a aprendizaxe específica da literatura e linguas do primeiro idioma estranxeiro.</p>			

Competencias de titulación

Código	
A7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos
A10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao
A11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva
A12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación
B1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa frecuentemente a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

- Coñecer os principios constitucionais dos países do primeiro idioma.	A10 A11	B1 B2 B3
- Coñecer os períodos máis importantes da historia política dos países do primeiro idioma.	A10 A11	B1 B2 B3
- Coñecer os períodos máis importantes da historia económica dos países do primeiro idioma.	A10 A11	B1 B2 B3
- Coñecer as principais características da historia social dos países do primeiro idioma.	A10 A11	B1 B2
- Coñecer as principais características da historia cultural dos países do primeiro idioma.	A10 A11	B1 B2
- Desenvolver a capacidade de comprender as claves interpretativas da evolución histórica dos países do primeiro idioma.	A10 A11	B1 B2
- Desenvolver a capacidade de comprender a xeopolítica dos países do primeiro idioma no contexto do mundo actual.	A7 A10 A11 A12	B2 B3 B4
- Desenvolver a capacidade de recoñecer as achegas dos países do primeiro idioma á historia universal.	A7 A10 A11 A12	B2 B3 B4
- Adquirir a habilidade de recoñecer a evolución diferenciada dos diferentes países do primeiro idioma.	A7 A10 A11 A12	B2 B3 B4
- Adquirir a habilidade de interpretar as características dos sistemas constitucionais dos países do primeiro idioma.	A7 A10 A11 A12	B2 B3 B4

Contidos

Tema

1. As Illas Británicas	<ol style="list-style-type: none"> 1. Inglaterra na época medieval. 2. Gran Bretaña na época moderna: bases estruturais, principais transformacións culturais e triunfo do réxime parlamentario. 3. Os principais cambios estruturais e sociais dos séculos XVIII e XIX. 4. O desenvolvemento do colonialismo. 5. Gran Bretaña despois da primeira guerra mundial e a disolución do imperio colonial.
2. Os Estados Unidos de América	<ol style="list-style-type: none"> 1. A independencia de Estados Unidos de América e a constitución dun novo modelo político. 2. A guerra de Secesión e a conversión de EUA nunha gran potencia económica a nivel mundial. 3. O ciclo de entreguerras en EUA. Gran capitalismo e depresión. 4. EUA da segunda guerra mundial á actualidade: cambios sociais e evolución política.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	24	12	36
Seminarios	7	29	36
Traballos de aula	7	17	24
Traballos tutelados	0	5	5
Debates	2	5	7
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	25	27
Resolución de problemas e/ou exercicios	3	4	7
Traballos e proxectos	2	4	6
Outras	1	1	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

Sesión maxistral	Clases centradas en contidos teóricos; tamén, presentación de exercicios ou traballos que hai que desenvolver.
Seminarios	Traballos de aula, en grupos informais, que teñen como finalidade o estudo intensivo dun ou máis temas dos introducidos nas sesións maxistrais.
Traballos de aula	Resolución de exercicios, individualmente ou en grupo, baixo a dirección do profesorado.
Traballos tutelados	Traballos tutelados individuais ou en colaboración en grupo formal. Inclúen a lectura e a investigación bibliográfica ou doutras fontes en relación con un ou máis temas. Finaliza coa redacción e a entrega dun traballo.
Debates	Debate e discusión sobre un tema específico ou problema relacionado coa materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	A atención personalizada concíbese como unha actividade complementaria da docencia presencial e da titoría en grupo que permite orientar ou aclarar dúbidas do alumnado en relación coa materia. Inclúe, así mesmo, a revisión por parte da profesora dos materiais e traballos xerados en seminarios e clases presenciais (traballos de aula, traballos en grupo etc.), a revisión das probas de avaliación e o seguimento personalizado do estudantado.
Seminarios	A atención personalizada concíbese como unha actividade complementaria da docencia presencial e da titoría en grupo que permite orientar ou aclarar dúbidas do alumnado en relación coa materia. Inclúe, así mesmo, a revisión por parte da profesora dos materiais e traballos xerados en seminarios e clases presenciais (traballos de aula, traballos en grupo etc.), a revisión das probas de avaliación e o seguimento personalizado do estudantado.
Traballos de aula	A atención personalizada concíbese como unha actividade complementaria da docencia presencial e da titoría en grupo que permite orientar ou aclarar dúbidas do alumnado en relación coa materia. Inclúe, así mesmo, a revisión por parte da profesora dos materiais e traballos xerados en seminarios e clases presenciais (traballos de aula, traballos en grupo etc.), a revisión das probas de avaliación e o seguimento personalizado do estudantado.
Traballos tutelados	A atención personalizada concíbese como unha actividade complementaria da docencia presencial e da titoría en grupo que permite orientar ou aclarar dúbidas do alumnado en relación coa materia. Inclúe, así mesmo, a revisión por parte da profesora dos materiais e traballos xerados en seminarios e clases presenciais (traballos de aula, traballos en grupo etc.), a revisión das probas de avaliación e o seguimento personalizado do estudantado.
Probas	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	
Traballos e proxectos	

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Contestar a unha serie de cuestións e preguntas relacionadas coa parte do temario impartida a través de clases teóricas ou sesións maxistrais.	50
Resolución de problemas e/ou exercicios	Formulación de problemas que o alumnado debe resolver na clase relacionados con algúns temas.	20
Traballos e proxectos	Redacción escrita e exposición oral dun traballo, que pode facerse en grupos pequenos. Implica a exposición oral, o debate e a defensa deste.	20
Outras	En todas as actividades e probas valorarase a participación activa do alumnado.	10

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumno debe escoller a principio de curso o sistema de avaliación continua ou o sistema de avaliación única. Recoméndase, en todo caso, o primeiro deles.

Na avaliación continua a condición para ser avaliado será a asistencia a un 80% das aulas. Se algún alumno non pode cumprir este requisito terá que falar coa profesora nun prazo de dúas semanas e xustificar a súa ausencia. Neste caso (non cumprir o requisito de asistencia) a avaliación será única mediante un exame ó final do cuadrimestre no que a cualificación suporá o 100% da nota final. Esta proba consiste no desenvolvemento dun tema e contestar a varias preguntas relacionadas co temario. O alumno que incumpra as condicións esixidas para a avaliación continua será avaliado ó final do cuadrimestre mediante un exame no que a cualificación suporá o 100% da nota final. Esta proba consiste no desenvolvemento de un tema e contestar a varias preguntas relacionadas co temario.

Na segunda edición das actas (xullo) a avaliación será mediante un exame final no que a cualificación suporá o 100% da

nota final. Esta proba consiste no desenvolvemento dun tema e contestar a varias preguntas relacionadas co temario.

Non se admitirán os traballos fóra do prazo indicado pola profesora e non se tolerará o plaxio das actividades baixo ningunha circunstancia, moi especialmente a copia directa de internet e, especialmente, de wikipedia.

Bibliografía. Fontes de información

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- BOSCH, A., *Historia de Estados Unidos, 1776-1945*, Barcelona, Crítica, 2005.
- BRIGGS, A., *Historia social de Inglaterra*, Madrid, 1994.
- FERGUSON, N., *El Imperio británico: cómo Gran Bretaña forjó el mundo*, Barcelona, 2005.
- GUARDIA HERRERO, C de la: *Historia de los Estados Unidos*, Madrid, 2011.
- HERNÁNDEZ ALONSO, J. J., *Los Estados Unidos de América: historia y cultura*, Salamanca, 2002.
- HERNÁNDEZ SÁNCHEZ-BARBA, M., *Historia de los Estados Unidos de América*, Madrid, 1997.
- SPECK, W. A., *Historia de Gran Bretaña*, Cambridge, 1996.
- NEVINS, A. ETA AL., *Breve historia de los Estados Unidos*, México, 1994.
- TAYLOR, A. J. P., *Historia de Inglaterra, 1914-1945*, México, 1989.

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA

- ASIMOV, I., *La formación de Inglaterra*, Madrid, 1994.
- BENEGAS LYNCH, A., *Estados Unidos contra Estados Unidos*, México, 2008.
- BERG, M., *La era de las manufacturas (1700-1820): una nueva historia de la revolución industrial británica*, Barcelona, 1987.
- CANALES, E., *La Inglaterra victoriana*, Madrid, 1999.
- CÁRDENAS, A. DE., *La revolución inglesa (1638-1656)*, Madrid, 2011.
- DOVAL, G., *Breve historia de la conquista del oeste*, Madrid, 2009.
- HASTINGS, M., *La guerra de Churchill: la historia ignorada de la segunda guerra mundial*, Barcelona, 2010.
- HERNÁNDEZ, J., *Norte contra sur: historia de la Guerra de Secesión*, Barcelona, 2008.
- HERNÁNDEZ SANDOICA, E., *El colonialismo (1815-1873): estructuras y cambios en los imperios coloniales*, Madrid, 1994.
- JOHNSON, P., *Estados Unidos. La historia*, Barcelona, 2001.
- KEEGAN, J., *Secesión: La guerra civil americana*, Madrid, 2011.
- KONSTAN, A., *La armada invencible: el fracasado plan español contra Inglaterra en 1588*, Madrid, 2011.
- PATTERSON, J., *El gigante inquieto: Estados Unidos de Nixon a G. W. Bush*, Barcelona, 2006.
- PÉREZ CANTÓ, M^a P., *De colonias a república: los orígenes de los Estados Unidos de América*, Madrid, 1995.
- SCHAMA, S., *Auge y caída del Imperio Británico (1776-2000)*, Barcelona, 2005.
- WALLESTERSTEIN, I., *Estados Unidos confronta al mundo: alternativas*, México D.F., 2005.
- WRIGLEY, E.M., *Cambio, continuidad y azar: carácter de la revolución industrial inglesa*, Barcelona, 1992.
- WRIGLEY, E. Y SCHOFIELD, R., *The population history of England, 1541-1871*, London, 1981.

Recomendacións
